



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Luís Alba Castro
D^a. M^a Elena Albo López
D. Miguel Ángel Alfonso Pallarés
D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
D. José Ángel Álvarez Moreira
D^a. Rosana Álvarez Rodríguez
D^a. Susana Álvarez Sánchez
D^a. Inmaculada Anaya Revuelta
D^a. M^a Nuria Andión Rodríguez
D^a. Raquel Arévalo Tomé
D^a. M^a Cristina Arias Fernández
D^a. Aida Badaoui Fernández
D^a. Inmaculada C. Baez Montero
D. Ángel A. Barajas Alonso
D. Ramón Barreiro García
D. David Basalo Domínguez
D^a. Rosa Bernal Gómez
D. Jesús Blanco García
D. Francisco Ramón Botana Ferreiro
D. Millán Brea Castro
D. Jorge Luís Bueno Alonso
D^a. M^a Carmen Cabeza Pereiro
D. José M^a Calvo Rapado
D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Oscar Castro Betancor
D^a. Lucía Castro Fernández
D. Fidel Castro Rodríguez
D. Juan M. Cebro Rodríguez
D. José María Chamorro Rivas
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. Antonio Cid Samamed
D. Ángel Cifuentes García
D^a. Patricia Corbacho Suso
D. Daniel De la Torre Fraga
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Manuel Deaño Deaño
D. Jaime Díaz de Bustamante
D. Xenxo Do Campo Lamas
D. Domingo Docampo Amoedo
D^a. Ana Belén Doforno Cid
D. Luís Domínguez Castro
D^a. M^a de los Ángeles Domínguez Santiago
D. José Durany Castrillo
D. Marcos Eire Fern
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D. Iago Fariñas Valiña
D. Luís Fernández Casas
D. Federico Fernández Fernández
D. Manuel José Fernández Iglesias
D. Roberto Ignacio Fernández López
D. Francisco J. Fernández López
D. Ramón A. Fernández Sobrino
D. Emilio Fernández Suárez
D^a. Ángeles Filgueira Pérez
D. Ramón M^a. Forneiro Álvarez
D. Luís Miguel Galvez Ameijide
D. Antonio Gallardo Correa
D. Antonio García Masegosa
D. Francisco Javier García Paz
D. José Manuel García Vázquez
D^a. Josefa Garrido González
D. José M^a Gil Villanueva
D. Artur Gómez Durán
D. Jorge Juan Gómez Gude

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, celebrada o día trinta e un de outubro dous mil dous, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 31 de outubro de 2002**, ás 12:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: 19-02-2002 (ordinaria), 11-07-2002 (extraordinaria constituínte) e 13-09-2002 (extraordinaria).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Ratificación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2002, aprobado en Consello de Goberno do día 23 de outubro de 2002.
- 4.- Elección para cubrir as seguintes vacantes: Comisión de Estatutos (3 estudantes), Comisión Electoral (1 profesor sector A).
- 5.- Elección da Comisión de Conflictos.
- 6.- Rogos e preguntas

D. José Luis Gómez Reboiro
Dª. Dolores González Álvarez
D. Diego González Canabal
Dª. Mª Araceli González Crespán
D. Roberto González Novas
Dª. Esther González Pillado
D. Manuel González Piñeiro
Dª. Encarnación González Vázquez
D. Jesús Antonio Gulías Sanmartín
D. Juan Pablo Hervés Beloso
Dª Inés Celia Iglesias Canle
Dª. Mª Hilda Iglesias Galán
Dª. Mª Teresa Iglesias Randulfe
Dª. Mª Victoria Jato Rodríguez
D. Xavier Labandeira Villot
D. Alfonso Lago Ferreiro
D. Juan Miguel Lago Teijeiro
D. Xoán A. Leiceaga Baltar
D. Jorge Lens Leiva
Dª. Betty Mireya León Fong
D. Luis Manuel Liz Marzán
D. Juan A. Loeck Fernández
D. José López Pérez
Dª. Mª del Pilar López Vidal
D. Fernando José Lorenzo Merino
D. Anxo Manuel Lorenzo Suárez
D. Francisco Xavier Lores Ínsua
D. Abel Fermín Losada Álvarez
D. José Fernando Manzanedo García
D. Daniel Martí Pellón
Dª. Belén Martín Míguez
D. Alfonso Martínez Fernández
Dª. María Martínez Rodríguez
Dª. Ana Isabel Martínez Senra
D. José María Matias Fernández
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Rafael Meixús Filgueira
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Gonzalo Méndez Martínez
D. Pedro Merino Gómez
D. José Luis Míguez Tabarés
D. Eduardo Moledo Caamaño
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Miguel Ángel Nombela Castaño
Dª Alicia Tamara Ogando Blanco
D. Enrique Orche García
D. José Luciano Otero Camiña
D. Sergio Pajares Domínguez
D. Xosé Antón Palacio Sánchez
D. Lorenzo Miguel Pastrana Castro
D. Juan Carlos Paz Santos
Dª Mª Consuelo Pazó Martínez
D. Andrés Pérez Figueroa
D. Luis Pérez Gómez
D. Javier Pérez Guerra
D. Serafin A. Pérez López
D. Francisco Javier Pérez Rodríguez
D. José M. Pérez Teijeiro
Dª. Ana Mª Pita Grandal
D. José Pose Blanco
D. Juan María Pou Saracho
D. Albino Prada Blanco
D. José Carlos Prado Prado
D. Francisco Prieto Carrera
D. Manuel Ramos Cabrer
D. Daniel Rey García
Dª. Rut Yolanda Rey Moure
D. Ángel Rial Otero
D. Filemón Rivas Conde
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Gustavo Rodríguez Fuentes
D. Roberto Rodríguez González
Dª. Rebeca Rodríguez Piñeiro
Dª. Mª Pilar Rodríguez Seoane

Punto 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: 19-02-2002 (ordinaria), 11-07-2002 (extraordinaria constituínte) e 13-09-2002 (extraordinaria).

Acta da sesión ordinaria do 19-02-2002 .
Apróbase por asentimento.

Acta da sesión constituínte do 11-07-2002.
Apróbase por asentimento.

Acta da sesión extraordinaria do 13-09-002.

Apróbase por asentimento coas alegacións do Sr. Álvarez Moreira que se recollen na redacción definitiva.

O Sr. Cebro pide que conste en acta a presenza do PAS para elevar a súa protesta sobre o programa Labora e presenta un escrito dirixido a tódolos claustrais que figura como Anexo I.

Punto 2.- Informe do Rector.

Neste punto o Rector informa.

-da primeira xuntanza do Consello Universitario en relación coa apertura do mapa de titulacións e na que o Conselleiro plantexou as directrices seguintes:

En principio estudaríanse somentes as titulacións a implantar no curso 2003-2004, deben ser titulacións novas no Sistema Universitario de Galicia, solicitadas por algunha Universidade e que teñan demanda real. Despois de varias horas de debate a Consellería mantívose firme neses criterios e finalmente acordouse que no prazo dun mes cada Universidade deberá achegar un estudio que contemple a demanda real e o custo económico para aquelas que se poderían implantar no curso 2003-2004. Despois desta xuntanza o Rector púxose en contacto cos Directores dos Centros relacionados coas titulacións demandadas pola

D. Carlos Román Lago
D. Ángel Sánchez Bermúdez
Dª. Mª de los Ángeles Sanromán Braga
Dª. Verónica Santalla del Río
D. José S. Santos García
D. Anselmo Seoane Pampin-Montenegro
D. José Luis Soengas Fernández
Dª. Mercedes Suárez Pazos
D. Juan C. Surís Regueiro
D. Javier Taboada Castro
Dª. Mª de la Concepción Tojo Suárez
D. José E. Tojo Suárez
D. Guillermo Tomás Vizcaíno
Dª. Silvia Torres López
D. Luis Torres Vázquez
D. Francisco Tugores Martorell
D. Antonio Vaamonde Liste
Dª. Mª Beatriz Vaquero Díaz
D. Alberto Vasallo Barrueco
Dª. Monserrat Vázquez Gestal
D. Ezequiel M. Vázquez López
D. Fernando A. Vázquez Núñez
Dª. María Vera Isasa
D. Federico Vilas Martín
D. Augusto Viso Alonso

DESCULPAN ASISTENCIA

Dª. Dolores Troncoso Durán
Don Enrique Valero Gutiérrez del Olmo

Universidade de Vigo e que entrarían dentro das directrices sinaladas.

A seguinte xuntanza está prevista para o día 25 de novembro.

- De que xa se coñece o que vai a ser a subvención incondicionada da Xunta de Galicia para as tres universidades e que vai a significar un aumento dun 2% respecto a do ano anterior pero que terá que ser corrixida cando se coñeza o dato definitivo do IPC real. Deste xeito xa se pode preparar o orzamento do ano 2003 que se traerá a este Claustro para ser referendado a finais do trimestre.

-Da entrada no Parlamento do proxecto de lei do Consello Social para o seu debate e no que hai dúas cuestións puntuais que foran

presentadas no seu día polo Rector de Vigo pero que non foron recollidas: A primeira é que o texto da lei insiste en denominar o Consello Social como un órgano de Goberno cando a LOU somentes se refire o Consello de Goberno como “ o órgano de goberno “ e a segunda refírese a que no texto figura que tódolos contratos que se asinen (aqueles ós que se refire o artigo 83 da LOU) teñen que ser informados polo Consello Social, cando o que debe dicir e que o Consello Social será informado... O Conselleiro de Educación comprometeuse a que o seu grupo presente dúas emendas que recollan esas cuestións.

- Do sorteo da letra para as intervencións: letra B.

Punto 3.- Ratificación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2002, aprobado en Consello de Goberno do día 23 de outubro de 2002.

Intervén en primeiro lugar o Vicerrector de Planificación, que fai a presentación do orzamento para o ano 2002 destacando algúns dos aspectos máis significativos. Indica que o crecemento respecto os datos do ano 2001 (10%) débese principalmente a dúas causas:

- . un anticipo do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía
- . as achegas do FEDER.

Destaca a gran concentración dos ingresos nos capítulos de transferencias correntes, precios públicos e remanentes, o que significa un 99% do total, e dos gastos nos capítulos de persoal, gastos correntes e inversións reais que representan un 97% do total. Sinala que é un

orçamento concentrado, comprometido e con marxes de actuación moi limitados e remata cun agradecemento especial os Servicios Centrais a Comisión Económica e o Consello de Goberno.

A continuación ábrese un turno de intervencións.

Intervén o Profesor Lago e indica que na Introducción do proxecto presentado, entre outras cousas di que “o orzamento debe ser o resultado dunha priorización política previa das finalidades perseguidas”..., nembregantes diminuíron as partidas dos Departamentos, da dotación de Laboratorios Docentes e do presuposto para produción científica, polo que o seu entender a “priorización política” do Equipo de Goberno debe cambiar. Sinala a enorme cantidade de profesores invitados a causa dunhas desastrosas normas de organización docente e denuncia que a estas alturas aínda hai profesores invitados do curso pasado sin cobrar.

O profesor Marti cre que o debate presupostario debería servir para aclarar cal e o norte da Universidade e denuncia que no proxecto presentado no aparecen novos programas como por exemplo de captación de alumnos, de comunicación, etc. e que pola súa urxencia xa deberían figurar.

O Sr. Pajares intervén en nome dos CUPAS e agradece o vicerrector o tono moderado da súa intervención. Fai unha análise dos programas do orzamento do 2002 incidindo principalmente nos do Fomento de proxectos de investigación, de Departamentos e de Docencia e Alumnado, e di que non se realizou un esforzo suficiente nas partidas que mais inflúen na millora da calidade da universidade. Así mesmo, fai referencia as diferencias de distribución do gasto no capítulo I entre os funcionarios docentes e o PAS. Remata rechazando públicamente o programa Labora e fai un chamamento para realizar mobilizacións e actos de protesta contra este programa.

O profesor Ramos di que non entende ben o documento que se entrega e pregunta cando se fixo e con que datos, xa que os que figuran son diferentes dos manexados na reunión da Comisión Económica do mes de xullo e pide que se lle expliquen estas diferencias. Tamén indica que non se corruxiron os erros que él denunciou no Consello de Goberno.

O profesor Rodríguez Berrocal lamenta o mecanismo utilizado para a discusión deste proxecto de orzamento. Alaba o que hai de novo como é no capítulo IX os préstamos recibidos e felicita o equipo de goberno por conseguir cartos pero pide que a próxima vez os consiga para todos.

O profesor Tojo di que se observa neste proxecto unha ausencia total de planificación xa que a universidade debería estar estudando un plano estratéxico que deseñe as liñas do futuro. Mostra a súa preocupación pola imaxe de falta de rigor e de desgoverno que esta dando a Universidade de Vigo por tratar neste momento o orzamento do 2002 cando se debería estar discutindo o do 2003. Pide o novo Vicerrector que presente canto antes o orzamento para o

2003 e que en él se teña en conta o outro 48% da universidade. Apoia o documento presentado polos PAS contra o programa Labora e pide que se concrete exactamente que traballos van a realizar e que quede ben claro que non interfere coa RPT.

O Sr. Álvarez Moreira tivo que ausentarse pero deixa a súa intervención por escrito e pide que conste en Acta (anexoII).

A profesora Anaya di que os presupostos non se ratifican senón que se debaten. Centra a súa intervención nos presupostos da Biblioteca e do Servicio de Publicacións e di que na Universidade da Coruña xa no ano 2000 o número de monografías e de revistas era moi superior ós da Universidade de Vigo.

Rematadas as intervencións intervén o Vicerrector de Planificación. Explica que o retraso debeuse principalmente a dúas causas: por un lado foi ano electoral en Galicia e polo tanto a Xunta prorrogou o presuposto do ano anterior e por outro foi ano electoral na Universidade de Vigo, por conseguinte non ve ningún funcionamento extraordinario nin diferente a calquera outra institución pública. Sinala que a comparación de datos a veces confunde si non se utilizan adecuadamente e ofrécese a debater todo o que faga falta cara o orzamento do 2003, anuncia a revisión de partidas presupuestarias en función de necesidades estratéxicas de cada momento pero tendo en conta as salvedades que impoñen a Programación Plurianual e os compromisos electorais.

Nun segundo turno intervén o profesor Tojo para dicir que escudarse na prórroga dos presupostos pola Xunta de Galicia non é de recibo xa que hai un plano de financiamento en función do cal xa se podía facer un presuposto e pregunta si ningunha institución pública galega aprobou os seus presupostos e si os están aprobando agora.

O Rector aclara que o dato definitivo do plano de financiamento chegou a esta universidade no mes de xuño e que agora si sabemos xa a previsión para o 2003 e polo tanto xa se pode facer ese presuposto.

Finalizado o debate realizase unha votación:

A favor do proxecto de orzamento do 2002	62 votos
En contra do proxecto de orzamento do 2002	34 votos
En branco	23 votos

Queda ratificado o proxecto de orzamento para o ano 2002 (Anexo III), para a súa remisión o Consello Social.

Punto 4.- Elección para cubrir as seguintes vacantes: Comisión de Estatutos (3 estudantes), Comisión Electoral (1 profesor sector A).

-Comisión de estatutos-

Preséntanse os seguintes candidatos:

Don José Ángel Álvarez Moreira
Don Xenxo do Campo Lamas
Don Iago Fariñas Valiña
Don Francisco J. García Paz
Don Juan Miguel Lago Teijeiro

Realizase unha votación co seguinte resultado:

Juan Miguel Lago Teijeiro	23 votos
Francisco J. García Paz	15 votos
Jose Ángel Álvarez Moreira	7 votos
Iago Fariñas Valiña	3 votos
Xenxo de Campos Lamas	1 voto

Saen elixidos: José Ángel Álvarez Moreira, Francisco Javier García Paz e Juan Miguel Lago Teijeiro.

- Comisión Electoral-

Presentáronse os seguintes candidatos:

Dona Inmaculada Anaya Revuelta
Don Javier de Vicente Remesal

Don Javier de Vicente Remesal presentou por escrito a renuncia a súa candidatura (anexo IV)

Non é necesario facer eleccións pasando Dona Inmaculada Anaya Revuelta a cubrir a vacante no sector A.

Punto 5.- Elección da Comisión de Conflictos.

O Rector informa de que hai sete candidaturas presentadas para os sete postos a cubrir, son as seguintes:

Don Antonio Barreiro Blas
Dona M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
Don Carlos Hervés Beloso

Dona Ana M^a Pita Grandal
Don Luis Rodríguez Ennes
Don José Tojo Suárez
Dona Dolores Troncoso Durán

O Rector pide ó Claustro a aprobación desta Comisión por asentimento xa que houbo consenso á hora de presentar as candidaturas.

Apróbase por asentimento.

Punto 6.- Rogos e preguntas.

O Sr. Basalo denuncia a escasez de manuais para os alumnos de Dereito, na biblioteca Central do Campus de Ourense, pide que se corrixa os criterios para o reparto do presuposto de biblioteca e que se reparta por número de alumnos por titulación e non por número de alumnos total do campus. Así mesmo alégrase do convenio marco asinado coa Deputación de Ourense e pide que se axilice.

O Rector di que os alumnos dos tres campus estan tratados por igual e que o mellor o que hai que revisar e o reparto en cada centro. Respecto o convenio di que o Vicerrector de Planificación do Campus de Ourense está nese tema.

O Sr. Cebro solicita diálogo entre os representantes do PAS e a Xerencia para tratar que o persoal contratado polo programa Labora non interfira coa RPT.

O Rector di que dentro do tono de cordialidade sempre é partidario do diálogo e que si se ve que se produce algún roce ou colisión hai que corríxilo.

O profesor Díaz de Bustamante di que hai profesores implicados en recursos relacionados coa avaliación curricular e solicita que sexan informados.

O Rector responde que non ten constancia da existencia de reclamacións xudiciais sobre este tema e comprométese a informar convenientemente ós Directores/Decanos dos Centros e os profesores implicados.

O Sr. Moledo pregunta por que non se levou a cabo a instalación de aire acondicionado na biblioteca de Peritos e na de Enxeñeiros Industriais.

O profesor Prada presenta unha moción na que roga o claustro que manifeste o seu apoio en contra de lei de Calidade do ensino secundario nos termos seguintes: “ O Claustro da Universidade de Vigo non comparte nin o diagnóstico nin a estratexia que o proxecto da lei de

calidade fai sobre o ensino secundario e apoia e respalda as mobilizacións cívicas da comunidade educativa que se opoñen a citada lei”.

Apróbase a moción por asentimento.

O profesor Ramos pregunta o Rector a qué centro lle encargou o informe sobre a titulación de Enxeñería Electrónica e a qué se van a destinar os dous millóns de euros recibidos do FEDER para Parques Científicos e Tecnolóxicos.

O Rector responde a primeira pregunta indicando que non encargou directamente unha titulación concreta a un centro concreto senón que pediu ós Decanos/Directores que argumentaran as titulacións solicitadas polos seus centros. Respecto a segunda pregunta contesta que para os fines para os que foron solicitados ó ministerio.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión ás 14:20 horas do día 31 de outubro de 2002 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e Pr. Do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe